

CONVOCATORIA DE MOBILIDADE PARA PERSOAL KA107

O IES Ribeira do Louro fai pública a presente convocatoria provisional de axudas para a Mobilidade de persoal impartindo clases nun ciclo formativo de grao superior, no marco do Programa Erasmus+ KA107 para países asociados. Está aberta tamén a cargos directivos e outros cargos vinculados co ensino en ciclos superiores. Trátase de Mobilidades de persoal entre países do programa e países asociados, que se xestionan a través do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE).

En base ao sinalado no apartado anterior, e coas condicións sinaladas, convócanse as seguintes mobilidades.

A. Mobilidades de fluxos xa aprobados:

País	Organización Receptora	Becas aprobadas
Albania	Marin Barleti University	1 beca de 7 días 1 beca de 15 días

O persoal seleccionado recibirá unha axuda económica para sufragar os custos de manutención durante o período de mobilidade, así como outra axuda económica para sufragar os custos de viaxe, segundo especifícase a continuación:

- Gastos de aloxamento e manutención: 180 euros diarios.
- Gastos de desprazamento: 360 euros.

En todo caso, previamente á realización das bolsas deberá estar tramitada toda a documentación pertinente.

No caso de que haxa máis solicitudes que bolsas, as bolsas serán asignadas en base aos criterios recollidos na solicitude do proxecto, que inclúe os seguintes:

- ✓ Anos de traballo no centro: ata 20 puntos
- ✓ Coñecemento da lingua de traballo da mobilidade (mínimo A2): ata 20 puntos
- ✓ Experiencia en proxectos de mobilidade internacional: ata 10 puntos
- ✓ Experiencia no desenvolvemento de proxectos educativos de cooperación, metodoloxías de formación ou desenvolvemento de colaboracións entre centros e empresas: ata 10 puntos.

- ✓ Colaboración nos proxectos de mobilidade de estudantes: ata 20 puntos.
- ✓ Existencia de relacións previas do solicitante con persoal dos centros de destino: 10 puntos.
- ✓ En caso de beneficiario con algunha discapacidade: ata 10 puntos.

O persoal interesado en levar a cabo unha bolsa de mobilidade desta convocatoria, deberá enviar o anexo 1 cuberto ao email: international@ribeira.org non mais tarde do 17 de xaneiro de 2019.

As solicitudes serán avaliadas po un comité de selección que será constituído segundo proposta do equipo directivo do centro.

No Porriño, ao 11 de xaneiro de 2019.

A DIRECTORA

Juana Rosa Muñoz Ibernón



ANEXO I - FORMULARIO DE SOLICITUDE DE BECA DE MOVILIDADE PARA PERSONAL

Nome:	
Apelidos:	
Email:	
Teléfono Móbil de contacto:	
Ciclo Superior no que se imparten clases:	
Cargo directivo o de outro tipo que ocupa.	
Fluxo de preferencia 1:	País: Centro:
Fluxo de preferencia 2:	País: Centro:
Fluxo de preferencia 3:	País: Centro:
Fluxo de preferencia 4:	País: Centro:
Numero de fluxos dos enumerados que estaría interesado en realizar:	

Lugar e data: